

Venres, 25 de agosto de 2017

Núm. 163

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

VIGO

Contratos administrativos

CONTRATO MAIOR DAS POLÍTICAS DE DESENVOLVEMENTO URBANO SUSTENTABLE (VIGO VERTICAL) ENTRE A RÚA SAN SALVADOR E A PRAZA ISABEL A CATÓLICA

CONTRATACIÓN POR PROCEDIMIENTO ABERTO DAS OBRAS PARA O PROXECTO DE DESENVOLVEMENTO URBANO SOSTIBLE VIGO VERTICAL: CONEXIÓN RÚA SAN SALVADOR E PRAZA ISABEL LA CATÓLICA.

1. Entidade que adxudica:

Organismo: Concello de Vigo. Dependencia: Area de Fomento. Nº expediente 4694-440

2. Obxecto do contrato:

A execución das obras do proxecto "IMPLANTACIÓN DAS POLÍTICAS DE DESENVOLVEMENTO URBANO SUSTENTABLE (VIGO VERTICAL) ENTRE A RÚA SAN SALVADOR E A PRAZA ISABEL A CATÓLICA".

Lugar de execución: Vigo

Prazo de execución: 8 meses. Prórroga: Non procede.

3. Tramitación e procedemento

Tramitación: Ordinaria.

Procedemento: Aberto.

4. Orzamento base:

590.297,77 euros IVE a soportar pola administración: 123.962,53 euros.- Orzamento total: 714.260,30 euros

5. Garantías esixidas

a)Provisional: non se esixe. b)Definitiva: sí (5% do prezo de adxudicación do contrato excluído o IVE). c)Complementaria: si, por un importe do 5% do prezo de adxudicación do contrato excluído o IVE, cando a oferta adxudicada, tivese sido cualificada inicialmente como en presunción de oferta anormal ou desproporcionada, e fora xustificada adecuadamente.

Código seguro de verificación: 504WAOTNQ5S6I40G



Venres, 25 de agosto de 2017

Núm. 163

6. Obtención da documentación e información:

www.vigo.org (perfil do contratante), teléfono (986) 810148. Fax: (986) 226206.

Data límite para solicitar documentación: ata 7 días antes do día de finalización do prazo de presentación de proposicións.

7. Requisitos específicos do contratista:

a) Documentos acreditativos da solvencia económica e financeira: Declaración do volume anual de negocios. Considerarase con solvencia económica e financeira aos licitadores que no conxunto dos últimos tres anos teñan un volume de facturación que sexa igual ou superior ao prezo do contrato, documento acreditativo de posuír a seguinte clasificación: Grupo G-subgrupo 6-categoría 3.

b) Documentos acreditativos da solvencia técnica e profesional: Certificacións ou documentos que acrediten a boa execución de contratos de obras ou traballos similares aos do obxecto do contrato executados, como máximo, nos dez últimos anos (entenderase que este prazo remata o último día para a presentación de ofertas). Indicaranse importe, datas e destino público ou privado. Considerarase acreditada a solvencia se nalgún dos últimos dez anos xustifican ter realizado traballos similares aos do obxecto do contrato cuxo importe, en conxunto, sexa igual ou superior ao dobre do prezo do contrato, documento acreditativo de posuír a seguinte clasificación: Grupo G-subgrupo 6-categoría 3.

8. Presentación de Ofertas:

Prazo: rematará ós 26 días seguintes ó da última publicación do presente anuncio no BOP ou no DOG..

Documentación: a esixida nas cláusulas 12 e 13 do prego de condicións administrativas e no punto 7 das FEC.

Lugar de presentación: Rexistro Xeral do Concello de Vigo, Pza. do Rei nº 1 36202 VIGO, ata as 13,30 h. do último día de prazo.

Admisión de melloras: non.

Prazo da obriga de mante-la oferta: dous meses contados dende o día da apertura de proposicións.

9. Apertura Ofertas técnica e económica:

Entidade, domicilio e localidade: vexase punto 6 do anuncio.

Data e hora: se anunciará no perfil do contratante do Concello de Vigo.



Venres, 25 de agosto de 2017

Núm. 163

10. Outras informacións:

Este proxecto é susceptible de cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) nunha porcentaxe do 80%- PROXECTO EDUSI VIGO VERTICAL. Se finalmente é aceptada a súa proposta vai aparecer na lista pública prevista no artigo 115, apartado 2 do Regulamento (UE) 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello de 17 decembro de 2013.

11. Páxina web para obtención de información:

www.vigo.org

Vigo, 18 de agosto de 2017.

O Concelleiro delegado de Contratación,

P.D. (Decreto 19.6.2015 e Acordo 19.6.2015)

David Regades Fernández

Código seguro de verificación: 504WA0TQ5S6I40G

